



BOP

XOVES, 19 DE AGOSTO DE 2021

N.º 190

DEPUTACIÓN DE LUGO

boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.gal

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

CONCELLOS

CARBALLEDO

Anuncio

AXUDAS A TRAVÉS DE INCENTIVOS Á CONTRATACIÓN TEMPORAL POR CONTA ALLEA DAS PERSOAS PARTICIPANTES NO OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO "SERRA DO FARO V" DE CARBALLEDO E CHANTADA.

Primeiro.- Beneficiarios: Poderán ser entidades beneficiarias dos incentivos á contratación as persoas empregadoras e as empresas, calquera que sexa a forma xurídica que adopten, incluídas as persoas autónomas, as sociedades civís e as comunidades de bens, aínda que carezan de personalidade xurídica, as cales desempeñan actividades que están directamente relacionadas coa formación impartida no Obradoiro Dual de Emprego de Carballedo e Chantada, no que se impartiu a formación necesaria para obter os seguintes certificados de Profesionalidade: AGAO0208 - Instalación e mantemento de xardíns e zonas verdes (Nivel 2), EOCB0209 - Operacións auxiliares de acabados ríxidos e urbanización (Nivel 1), que contraten traballadores/as por conta allea para prestar servicios en centros de traballo radicados no ámbito territorial dos Concellos de Carballedo e Chantada.

Segundo.- Obxecto: Os incentivos á contratación temporal por conta allea teñen por finalidade facilitar a empregabilidade e ocupabilidade das persoas participantes no Obradoiro Dual de Emprego de Serra do Faro V, financiados a través da convocatoria de 2020 de axudas e subvencións a Obradoiros duais de emprego, pola Dirección Xeral de Formación e Colocación, pertencente á Consellería de Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia.

Terceiro.- Bases reguladoras: As bases completas e os modelos de solicitude están publicados na páxina web do Concello de Carballedo, <http://www.concellocarballedo.es> no apartado de Actualidade.

Cuarto.- Contía: Os contratos temporais incentivaranse cunha subvención fixa de 1.500€ por cada traballador/a, correspondente a un contrato mínimo de 3 meses a xornada completa.

Quinto.- Prazo de presentación de solicitudes: Quince días naturais (15) contados a partir do día seguinte ao da publicación do presente anuncio no BOP de Lugo.

Carballedo, a 12 de agosto de 2021.- O Alcalde, Julio M. Yebra-Pimentel Blanco.

R. 2444

A FONSGRADA

Anuncio

PROCEDEMENTO: APROBACIÓN DUN PADRÓN FISCAL

EXPEDIENTE NÚMERO: 389/2021

Asunto: Anuncio no Boletín Oficial da Provincia sobre a aprobación do padrón do servizo de asistencia ao fogar no mes de xullo de 2021

Aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local de data do 12 de agosto do 2021, o Padrón de contribuíntes do prezo público do Servizo de Axuda no Fogar, na modalidade de libre concorrencia ou prestación básica e de dependencia, correspondente ao mes de xullo de 2021, polo importe total de 11.411,58 € (dependencia) e 316,80 € (prestación básica).

Por medio do presente expónse ao público o devandito padrón polo prazo de quince días hábiles, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes, tanto en vía administrativa (artigos 123 e 124 da LPAC), coma na vía contenciosa (artigos 19, 25 e 46 da LJCA)

O que se fai público para xeral coñecemento e aos efectos de que sirva de notificación colectiva de conformidade co establecido na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

A Fonsagrada, 12 de agosto de 2021.- O Alcalde, Carlos López López.

R. 2445

LÁNCARA

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

Por xunta de goberno local de 11 de agosto de 2021, aprobouse o padrón de suministro de auga e IVE s/seu consumo, recollida de lixo, sumidoiros, aluguer de contador e canon autonómico de auga correspondente ao 1º trimestre 2021.

O importe total do padrón ascende a 55.451,97 €, sendo o período voluntario de cobro dende o 11 de agosto de 2021 ó 11 de outubro de 2021, de conformidade co previsto nos arts. 12 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e 62.3 da Lei Xeral Tributaria.

O que se expón ao público na Casa do Concello, durante o prazo de quince días hábiles, a contar dende o seguinte, tamén hábil, da publicación deste edicto no Boletín Oficial da Provincia.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 223.1 da Lei Xeral Tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que dictou o acto no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do prazo de exposición ó público do padrón. Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende que se entenda producida a notificación.

Este anuncio ten o carácter de notificación colectiva ao abeiro do artigo 102.3 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria.

Láncara, 12 de agosto de 2021.- O Alcalde, Darío Antonio Piñeiro López.

R. 2446

LUGO

Anuncio

DECRETO NÚMERO 6672 do 06/08/2021

Excma. Sra. Dona LARA MÉNDEZ LÓPEZ, Alcaldesa Presidenta do Excmo. Concello de Lugo.

Polo decreto número 6429/2021 do 27/07/2021, nomeouse a dona Elvira Lombao Vila como persoal eventual, en substitución de don Anxo Manoel Lamelo Fernández, colaborador asesor do goberno do Tenente de Alcalde primeiro, e que na actualidade se atopa de permiso de paternidade.

Con data 18/08/2021 don Anxo Manoel Lamelo Fernández finaliza as seis primeiras semanas do período de descanso obrigatorio de paternidade.

Tendo en conta o anterior e o disposto no artigo 12 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público e no uso das atribucións que me confiren os artigos 104.2 e 124.4 ñ) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local,

RESOLVO:

Primeiro.- Cesar a dona ELVIRA LOMBAO VILA, DNI: 33329791P, como colaboradora asesora do goberno do Tenente de Alcalde primeiro, con efectos do 18 de agosto de 2021.

Segundo.- Notifíquese a presente resolución á interesada, dependencias municipais afectadas e publíquese no Boletín Oficial da Provincia, coa indicación que ésta pon fin á vía administrativa e que contra ela pode interpoñer os seguintes recursos:

Recurso potestativo de reposición previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo DUN MES, contado dende o día seguinte á recepción desta notificación.

Recurso contencioso administrativo, nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte á notificación da presente resolución, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo (artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa), segundo a redacción dada pola disposición adicional décimo cuarta da Lei Orgánica 19/2003 de 23 de decembro, de modificación da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial.

Lugo, 13 de agosto de 2021.- A Alcaldesa, Lara Méndez López.

R. 2447

MONFORTE DE LEMOS

Anuncio

APROBACION PADRÓN FISCAL TAXA POLA UTILIZACIÓN DA PISCINA MUNICIPAL E DEMAIS INSTALACIÓNS ANEXAS AGOSTO 2021 E ANUNCIO DE COBRANZA

Por Resolución de Alcaldía do día 9.08.2021 aprobouse o padrón da Taxa pola utilización da piscina municipal e demais instalacións anexas correspondente ao mes de agosto 2021.

De acordo co disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral tributaria, notifícanse colectivamente os recibos derivados deste padrón.

De conformidade coa Ordenanza Xeral de ingresos municipais de dereito público, exporase ao público nun prazo de 20 días, contados a partir do primeiro día do período de pago en voluntaria deste padrón, para que se poidan presentar as reclamacións pertinentes.

De acordo co artigo 14.2 c) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei das Facendas Locais, contra o acordo de aprobación do padrón e das súas liquidacións poderase interpor recurso de reposición no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao remate da exposición pública do padrón. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderase interpor recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei 25/98 de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

De acordo co disposto no artigo 62.3 da Lei xeral tributaria, fíxase como prazo de pago en período voluntario dende o 19.08.2021 ata o 19.10.2021.

Advírtese que transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas serán esixidas pola vía de constrinximento, e devindicaranse as correspondentes recargas do período executivo, os xuros de mora, e no seu caso, as costas que se produzan

Monforte de Lemos, 10 de agosto de 2021.- O alcalde- presidente, José Tomé Roca.

R. 2448

MONDOÑEDO

Anuncio

EXPOSICIÓN AO PÚBLICO E RECADACIÓN DE IMPOSTOS

En Xunta de Goberno Local de 13 de agosto de 2021 aprobouse o Padrón da **TAXA POR RECOLLIDA DO LIXO DO 4º BIMESTRE E DA TAXA POLO MANTENIMENTO DO CEMITERIO DO 2021**.

De conformidade co establecido na Lei Xeral Tributaria e nas Ordenanzas Municipais reguladoras, EXPONSE AO PÚBLICO o devandito padrón para que as persoas interesadas, no PRAZO DE QUINCE DIAS contados a partires do anuncio no B.O.P., poidan examinalo e formular as reclamacións que estimen oportunas.

Asemade, faise saber que a taxa obxecto deste anuncio estará ao cobro en PERIODO VOLUNTARIO na oficina de Recadación Municipal, sita na Casa Consistorial, de luns a venres, dende o día 1 de setembro ao 31 de outubro, en días hábiles.

Rematado o prazo en período voluntario os recibos non pagados serán cargados aos Servicios de Recadación da Excma. Diputación Provincial de Lugo para a súa exacción pola vía de constrinximento cos recargos e demais conceptos esixibles (intereses, costas, etc.) de conformidade co disposto no artg. 97 e seguintes do R.X. de Recadación.

Mondoñedo, 13 de agosto de 2021.- O Alcalde, Manuel A.Otero Legide.

R. 2449

A PONTENOVA

Anuncio

LISTAXE DE CONTRIBUÍNTES POR APLICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (SAF) DE XULLO 2021.

Por Resolución de alcaldía de data once de agosto de 2021, resólvese prestar aprobación da devandita listaxe que estará exposta nas oficinas municipais en horario de 9:00 a 14:00 horas; durante o prazo de 15 días contados a partir do seguinte ao da súa publicación no BOP de Lugo, para os efectos de que poida ser examinada e presentar as reclamacións que se estimen pertinentes, entendéndose definitivamente aprobada se transcurrido o devandito prazo non se formularan suxestións contra ésta.

Contra as liquidacións comprendidas na listaxe de contribuíntes poderase formular recurso de reposición, anterior o contencioso-administrativo, perante a alcaldía no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da finalización da exposición pública da listaxe.-

Así mesmo, acórdase a apertura do prazo de recadación en período voluntario que será segundo o seguinte detalle:

A) Prazo de ingreso en período voluntario do prezo público do Servizo de Axuda no Fogar : **dende o 10 de setembro de 2021 ao 10 de novembro de 2021**, ámbolos dous inclusive.

B) Os recibos, non domiciliados, poderanse facer efectivos na conta bancaria **ES78-2080-0137-41-3110000025** que este Concello ten aberta na oficina de **ABANCA**, sucursal de **A Pontenova**.

Transcorrido o prazo de ingreso voluntario, sen que se efectuaran os pagamentos correspondentes, e unha vez rematado este, os recibos pendentes pasarán ó cobro pola vía executiva de constrinximento.

Decreta, manda e asina o señor alcalde, na Pontenova a 12 de agosto de dous mil vinte e un.

A Pontenova, 12 de agosto de 2021.- O alcalde, Darío Campos Conde.

R. 2450

RIBEIRA DE PIQUÍN

Anuncio

Mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 8 de xullo de 2021, aprobáronse as bases xerais que rexerán o procedemento para a selección de un/unha (1) auxiliar de axuda no fogar, como persoal laboral temporal, a xornada completa (100%), cunha duración de seis (6) meses.

Segundo o disposto na base quinta (5ª), as instancias dirixidas ao Sr. Alcalde, presentaranse no Rexistro Xeral do Concello, en horario de oficina, -09.00 / 14.00 horas-, durante o prazo de cinco (5) días naturais, comenzando a computarse o dito prazo a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

As citadas bases atópanse publicadas na páxina web do Concello: www.ribeiradepiquin.es, podendo consultarse tamén nas oficinas municipais en horario de oficina.

Ribeira de Piquín, a 12 de agosto de 2021.- O Alcalde-presidente, Roberto Fernández Rico.

R. 2435

Anuncio

Mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 17 de agosto de 2021, aprobáronse as bases xerais que rexerán o procedemento para a selección de un/unha (1) auxiliar de atención sociosanitaria para persoas dependentes para o centro de día municipal, como persoal laboral temporal, a xornada completa (100%), cunha duración de seis (6) meses.

Segundo o disposto na base quinta (5ª), as instancias dirixidas ao Sr. Alcalde, presentaranse no Rexistro Xeral do Concello, en horario de oficina, -09.00 / 14.00 horas-, durante o prazo de **cinco (5) días naturais**, comenzando a computarse o dito prazo a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

As citadas bases atópanse publicadas na páxina web do Concello: www.ribeiradepiquin.es, podendo consultarse tamén nas oficinas municipais en horario de oficina.

En Ribeira de Piquín, a 17 de agosto de 2021.- O Alcalde-presidente, Roberto Fernández Rico.

R. 2470

XERMADE*Anuncio***Asunto: aprobación inicial da modificación da Ordenanza fiscal nº 8 reguladora do Imposto sobre Bens Inmóbles.**

O Pleno do Concello de Xermade, na sesión ordinaria celebrada o 12 de agosto de 2021, aprobou inicialmente a modificación da Ordenanza fiscal nº 8 reguladora do Imposto sobre Bens Inmóbles.

Sométese o expediente a información pública polo prazo de trinta días, que contarán desde o día seguinte á inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poida ser examinado e presentadas as reclamacións que estimen oportunas.

Se transcorrido o devandito prazo non se presentaran alegacións, considerarase aprobado definitivamente o dito acordo.

Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello [<http://concelloxermade.sedelectronica.es>].

Xermade, a 13 de agosto de 2021.- O alcalde, Roberto García Pernas.

R. 2451